

Veciñanza presenta unha batería de medidas para afrontar a recuperación económica en Cuntis

Veciñanza remitiu ao Goberno Municipal un documento con 16 propostas para acometer medidas económicas extraordinarias que contemplan axudas a familias, traballadores/as e negocios locais de todos os sectores.

Cuntis, 4 de maio de 2020. Veciñanza vén de remitir un documento de medidas económicas ao Goberno Local para que o concello de Cuntis considere no proceso de desescalada gradual do confinamento e recuperación da actividade habitual. Son **propostas que buscan a reactivación dos diferentes sectores e negocios locais, así como axudas a familias e traballadores/as máis afectados pola crise sanitaria do coronavirus, que enfrontan uns meses nos que se prevén serías dificultades económicas.**

O documento contén un total de 16 propostas que parten de dúas premisas: **prioridade no apoio a quen máis padece as consecuencias** (progresividade e xustiza social) e orientación dos **esforzos cara á poboación local**. Se ben xa o propio documento sinala que orzamentariamente non sería doado aplicarlas na súa totalidade, si que poden resultar de **guía para orientar as medidas que finalmente se adopten.**

A primeira das medidas que se contempla é o **pago inmediato de facturas pendentes a provedores locais**. Non diferir máis o pago dos abonos pendentes é unha maneira efectiva e xusta para axudar ao pequeno comercio que asume débedas temporais coa administración local.

Contéplase tamén a suspensión ou devolución parcial de taxas municipais cobradas (auga, lixo, IVTM, vados, etc.), axudas ao sector do taxi, a familias en situación ou risco de vulnerabilidade (mediante a ampliación ou a flexibilización de condicións para aumentar o número de beneficiarios/as), incremento das axudas a material escolar para familias vulnerables ou axudas ao alugueiro para traballadores/as afectados por diminución de ingresos. No referido aos sectores económicos locais, Veciñanza propón a ampliación de espazos de terrazas onde sexa posible, suspensión das taxas por ocupación da vía pública, devolución proporcional das taxas de mercadillo e praza de abastos, contratación de todos os bens ou servizos a provedores locais que poidan ofrecelos, contratación de artistas locais en todos os eventos que poidan realizarse ata final de ano, axudas directas a negocios que tiveran que suspender a súa actividade e medidas específicas para os establecementos de menor dimensión que máis directamente sofren o impacto negativo do descenso do turismo.

Esta batería de medidas xa foi presentada no Rexistro Municipal e Veciñanza agarda que poidan ser liñas de actuación que o Goberno Local tome en consideración pensando na axuda que a administración local debe adicar fronte aos efectos da crise económica





que nos golpeará nos vindeiros meses. Esta postura de colaboración vén sendo a mantida por Veciñanza durante as semanas de excepcionalidade que marca o Estado de Alarma e as conseguintes medidas.

Unha vez máis Veciñanza expresa publicamente o **agradecemento máis sincero a todos os traballadores e traballadoras** que durante esta crise seguen mantendo, cun encomiable esforzo e ante unha exposición de alto risco, os servizos esenciais básicos para a continuidade da vida dos demais. Tanto o persoal da administración pública como o de establecementos privados, supermercados, farmacias, etc. coa especial mención ao persoal sanitario (non sempre nas mellores condicións) merecen non só o aplauso máis grande senón unhas condicións laborais dignas acordes á súa exemplar dedicación. Do mesmo xeito, Veciñanza expresa tamén as máis sinceras **condolencias a todas aquelas persoas que sufriron a perda de seres queridos** ou padeceron as consecuencias máis cruentas desta crise sanitaria. Por último, **mención tamén para os veciños e veciñas de Cuntis, que ao igual que o conxunto da sociedade galega, demostraron unha responsabilidade e un comportamento cívico** acordes ao que as circunstancias esixían.

